



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Acta da sesión EXTRAORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 21 de outubro de 2019

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria extraordinaria que terá lugar o 21 de outubro de 2019.

ASUNTOS

Información e actas

1.- Esixir do Goberno de España a aplicación de medidas urxentes para garantir a inmediata reapertura da central de As Pontes, e no caso contrario a dimisión da Ministra de Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, principal responsable da situación da central pontesa. Do presente acordo darase traslado ao Goberno de España.

Acta da sesión extraordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 21 de outubro de 2019.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 21 de outubro de 2019, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión extraordinaria, convocada a solicitude de doce membros da Corporación, todos eles integrantes do Grupo Provincial do Partido Popular.

Preside: Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Don Antonio Fernández Angueira	PP
Don José Luis Fernández Mouriño	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don Agustín Hernández Fernández de Rojas	PP
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP

Excusado/a:

Dona Dalia García Couso	PP
-------------------------	----

Actúa como secretario: Don José Luis Almau Supervía, Secretario xeral da Corporación

Aberto o acto ás 12:05 horas, o Sr. Secretario le a Resolución número 33733, do 07.10.2019, pola que se convoca sesión plenaria extraordinaria con indicación do único asunto incluído na orde do día, proposto polos solicitantes da convocatoria do Pleno extraordinario.

1.- Esixir do Goberno de España a aplicación de medidas urxentes para garantir a inmediata reapertura da central de As Pontes, e no caso contrario a dimisión da Ministra de Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, principal responsable da situación da central pontesa. Do presente acordo darase traslado ao Goberno de España.

INTERVENCIÓNS

Sra. Aneiros Barros

Moitas grazas, e moi bo día a todos en primeiro lugar. Gustaríame empezar recordando que o pasado mes de setembro este Grupo Provincial presentaba ante este Pleno unha moción para trasladar, precisamente, a preocupación que especialmente desde a comarca de Ferrolterra, do Eume e Ortegá, sentiamos ante a paralización da actividade da central térmica das Pontes e tamén polas repercusións graves, moi graves, que estaba tendo na zona, nos traballadores, en sectores como o do transporte que levaban daquela cinco meses sen poder traballar, agora xa seis meses sen poder traballar.

O certo é que esta preocupación que trasladabamos o pasado mes de setembro viuse incrementada cando o pasado día 27 Endesa anunciaba o peche da central, un evidente mazazo para o Concello das Pontes, para os traballadores da central da empresa auxiliar, para os transportistas e para outros organismos como o caso da Autoridade Portuaria, e en xeral para todos os que somos veciños destas comarcas.

O peche desta Central tería unhas consecuencias terribles, realmente dramáticas para Galicia pero en particular para estas comarcas afectadas, máis de 700 postos de traballos, máis de 700 familias que dependen deste sector, perdas millonarias desde o punto de vista económico, repercusión evidente noutros sectores, perda de poboación e, sen ningunha dúbida, poría en risco a supervivencia de concellos como o propio Concello das Pontes, que chegou a ser o que é, e o que é é o segundo concello coa renda per cápita máis alta de toda Galicia, e incluso o concello coa pensión media máis alta de toda Galicia, e isto chegou a ser grazas a esta central e grazas, en especial, a todas esas persoas que co seu traballo, que co seu esforzo, serviron directa ou indirectamente a esta planta.

É por iso polo que este Grupo considerou totalmente xustificada a convocatoria dun Pleno extraordinario, e así o solicitamos legalmente, a pesar de que a súa celebración hoxe se pospuxo o máximo posible polo seu presidente, e pedímore para intentar que desde esta Deputación saíra un acordo que permitira esixirle ao Goberno central a adopción de medidas urxentes que garantan a inmediata reapertura da central térmica.

O mes pasado xa recollíamos nesa moción que trouxemos a este Pleno unha serie de medidas, medidas que poderían contribuír a facilitar unha transición xusta, medidas que dependen do Goberno central e que evitarían o peche desta planta, medidas que habería que adoptar de forma urxente para dar autenticidade e para dar tranquilidade a todas estas familias que viven con preocupación desde hai xa demasiado tempo. Fronte á paralización total da empresa, o que pedimos é a súa reactivación mentres que non se encontren os mecanismos que garantan a súa viabilidade e que garantan o emprego.

Todos sabemos que este peche deixaría sen alternativas aos traballadores e a comarca e, desde logo, non podemos permanecer á marxe, nin podemos mirar para outro lado. Cremos que apoiar a continuidade dos postos de traballo e a continuidade da actividade industrial de Endesa, non está para nada enfrontado coa defensa dunha necesaria transición xusta e ordenada que, desde logo, non é o que se está facendo desde o Goberno de Madrid, desde o Goberno socialista de Madrid porque nin é xusta nin está sendo unha auténtica transición. Un Goberno que despois de crear un, hoxe creo que o podemos dicir, mal chamado Ministerio para a Transición Ecolóxica, o único que conseguiu o Goberno é unha política en materia enerxética desordenada, improvisada, sen planificación e, desde logo, con medidas que só prexudicaron a este sector do carbón e por riba á

central térmica das Pontes, unha vez máis, un novo castigo para esta comarca. E é por iso polo que, se o Goberno central non leva a cabo estas medidas, non se pode menos que esixir responsabilidades políticas e pedir a dimisión da que resulta ser a maior responsable desta situación.

O acordo que pedimos con esta proposta é sinxelo, é moi claro. É o que necesitan as máis de 700 familias afectadas, é o que necesitan os concellos afectados, o primeiro o das Pontes, é o que necesitan as nosas comarcas. Falamos de pedir medidas urxentes que garantan a reapertura da térmica porque se o Goberno central quere, pode facelo, pode activar esas medidas que permitan recuperar inmediatamente a actividade e manter o emprego nas Pontes e ao mesmo tempo, e en paralelo, traballar conxuntamente na busca de solucións reais, para que chegado o momento poidamos deixar de empregar o carbón e ter unha alternativa viable que manteña a capacidade industrial e, por suposto, que manteña os postos de traballo.

O Goberno pode poñer en marcha esas medidas que dean máis tempo a Endesa e ás administracións para preparar esa transición, dar máis tempo a unha empresa que foi capaz de investir 217 millóns de euros para adaptarse ás esixencias da Unión Europea en materia de emisións industriais. A nosa proposta é clara, están a favor ou están en contra de esixirle ao Goberno a reactivación da central térmica das Pontes?, ese é o posicionamento que estamos pedindo, esperando o apoio do resto de Grupos desta Deputación en favor desta comarca, deste concello e dos centos de traballadores que dependen da mesma. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Este tema, se non recordo mal, foi tratado no Pleno pasado, dedicamos bastante tempo a el, non sei a santo de que se pide un Pleno extraordinario, agás que sexa para cobrar as axudas de custo de 590 euros de cada un dos que estamos sentados aquí, non lle vexo outro sentido. Paréceme gravísimo convocar un Pleno co gasto que supón a celebración deste Pleno cando imos ter un Pleno dentro de catro días, paréceme indignante, e paréceme máis indignante por querer xogar cos traballadores, que sempre son as vítimas destes xogos politícos, daqueles que ademais foron os que crearon o problema neste país, vendendo as industrias do país a empresas multinacionais que fan e desfan neste país o que lle dá a gana. O que hai que loitar é porque haxa novas empresas, desaparecen empresas, pero hai que loitar para que se implanten no noso país, na nosa rexión, cada un que lle chame como lle dea a gana, con esta polémica que hai agora de tanto romper España, eu son internacionalista, vou deixalo claro, polo tanto ningunha dúbida respecto a miña persoa, pero digo que hai que lograr atraer empresas para dar traballo ás miles de persoas que nestes últimos anos están quedando sen el nas empresas que se están desmontando.

E xa remato, onte había un programa de televisión onde estaba o Sr. Casado, e hai unha contradición tremenda, o Partido Popular aquí está pedindo que se manteña a central térmica das Pontes, e resulta que o Sr. Casado onte dicía que estaba a favor da eliminación do carbón neste país, das centrais térmicas deste país. É unha contradición tremenda, vir aquí a dicir unha cousa cando o xefe do Partido di o contrario.

Polo tanto, o meu voto anuncio que vai ser negativo.

Sr. Regueira Varela

A verdade é que en política, o que ten de bo a política, é que sempre ten esa facultade de sorprendernos, e resulta que agora o Partido Popular, adail do liberalismo económico, quere que os Estados sexan intervencionistas, unha cousa curiosa, algo que nós pedimos sempre.

Eu non sei cando se fala de "o Goberno pódoo facer", supoño que será o Goberno italiano, propietario de ENEL, algo se fixo moi mal no Estado español para que sexa un Estado estranxeiro o que estea regulando e o que estea tensionando a economía dun Estado e dunha comarca, algo se fixo fatal, e ese algo que se fixo fatal ten un autor, e ese autor foi José María Aznar, do Partido Popular, simplemente hai que repasar a hemeroteca e simplemente hai que repasar a historia, por certo, que foi conselleiro delegado de Endesa, algo se fixo fatal.

Mire, eu creo que no Pleno de hoxe o que menos importan son as solucións e o que menos importan son os traballadores, porque fíxese vostede, a moción é tan inoportuna que se presenta o

mesmo día que vinte e cinco alcaldes de Ferrol, Eume e Ortegal, directamente afectados por isto, se poñían de acordo para buscar solucións e para encabezar unha reivindicación entre todos, entre todos os alcaldes, de múltiples forzas políticas, das diferentes forzas políticas que actúan na comarca. Ese mesmo día que os alcaldes se xuntan e toman esa decisión de actuar unidos e intentando ofrecer solucións e obrigar ao Estado a tomar algún tipo de determinación en canto a manter esa empresa aberta e asegurar os postos de traballo, ese mesmo día no Concello de Ferrol o Partido Popular presenta a petición deste mesmo Pleno extraordinario que se presenta aquí, e preséntase en todos os concellos da comarca, en todos, na maioría deles, ou nunha ampla maioría deles, esta moción estase votando en contra. Houbo oportunidades, porque houbo tamén unha Xunta de portavoces, para chegar a un acordo, se é que o que se pretende é ter unha unidade de forza, unha unidade de dirección política á hora de reivindicar cuestións para Galicia, non houbo posibilidade de chegar a ningún acordo, o que interesaba era o debate, o que interesa realmente neste Pleno é sacar un titular político xusto ao inicio dunha campaña electoral, que eu creo que xa está iniciada, pero xusto ás portas de empezar oficialmente unha campaña electoral e en plenas eleccións.

Porque dígame vostede, Sra. Aneiros, cando fala vostede de medidas, esta moción non pon ningunha medida, e cando fala vostede do que necesitan os traballadores e traballadoras, que necesitan os traballadores e traballadoras?, que dimita unha ministra que xa está en funcións?, eu creo que, evidentemente, iso non é o que necesitan os traballadores e traballadoras da empresa e máis das empresas auxiliares, esa dimisión agora mesmo non ten sentido ningún, senón é un sentido estritamente político.

Pero mire, se este Pleno extraordinario tivera algunha razón de ser, tería unha razón de ser para buscar solucións de futuro, para buscar formulacións políticas de futuro e para tamén saber cál é o papel do Goberno galego nesta cuestión, porque algo terá que dicir o Goberno galego, ou está desaparecido?, que acaba de presentar unha lei, un decreto-lei, para a transición ecolóxica 2050, que anunciou a bombo e platillo, dicindo que era a primeira Comunidade Autónoma que tiña esa estratexia contra o cambio climático de aquí ao 2050, sabe vostede se esa estratexia fala algo da industrialización e do que vai pasar, de cales van ser os modelos alternativos na comarca das Pontes, nas comarcas de Eume e Ortegal?, fala algo a estratexia do Goberno galego?, ten o Goberno galego algunha folla de ruta? Non sería normal que un Goberno galego responsable e un presidente da Xunta responsable se puxera á fronte deses vinte e cinco alcaldes e alcaldesas dese territorio e encabezara unha proposta política clara que levar a Madrid? Porque fíxese vostede, eu o que creo é que estamos xustamente diante dun problema de falta de peso político de Galicia, para min é claramente un problema de peso político de Galicia. Este debate xa o tivemos vostede, eu e outros portavoces nun medio de comunicación.

Mire vostede, o que non pode ser, e non pasa só con isto, coa política enerxética, pasou tamén con acordos tomados no Parlamento de Galicia por unanimidade, por exemplo a transferencia da AP-9, que resulta que cando chegan realmente a onde se toman as decisións, porque somos sucursalistas, onde se toman as decisións, os deputados galegos e galegas do Partido Popular, pero tamén do PSOE, teñen unha actitude ou votan en contra dos propios intereses de Galicia, eu tamén xa se hai que pedir dimisións tamén pediría a dimisión de todos os deputados e deputadas do Partido Popular que votaron en contra dun acordo unánime do Parlamento de Galicia e votaron que non se transferira a AP-9, se por pedir dimisións é, en cuestións estratéxicas para Galicia, en cuestións ademais aprobadas polo propio Partido Popular no ámbito do Parlamento de Galicia, se nesas estamos, podemos ir a facer ese tipo de lecturas.

E mire vostede, para falar de Endesa teríamos que falar de por que chegamos ata aquí, e teríamos que falar de por que Endesa é italiana e non é do Estado español, e por que Endesa é de capital público italiano, non dunha empresa privada italiana, é de capital público italiano. Eu voulle recordar un dato, xa que estamos agora metidos tamén en plena actualidade do que pasa en Cataluña, voulle recordar un dato do que pasou na xénese da privatización total de Endesa promovida inicialmente por José María Aznar, como dicía antes.

Houbo unha OPA no seu momento por parte de Gas Natural sobre Endesa, houbo unha OPA, a esa OPA contrapúxoselle unha dunha empresa alemá, EON. Por aquela altura de anos, que eu creo que era no ano 2007, houbo unha política do Partido Popular, Esperanza Aguirre, eu supoño que a recordará, non sairá vostede agora con iso de que "non sei quen é esa señora da que me fala", que dixo: "Antes alemá que catalá", é dicir, toda a orixe de que agora mesmo unha boa parte do mercado

enerxético estea en mans de Italia, e non do Estado español, e que a quen lle teñamos que pedir realmente sexa ao Goberno italiano, porque evidentemente un goberno non pode obrigarlle a unha empresa a continuar a súa actividade por moito que agora nos volvamos todos intervencionistas, se queremos seguir pertencendo á Unión Europea. Pois todo isto, da xénese deste problema e das solucións é do que deberíamos estar falando, non deberíamos de estar aquí para intentar sacar un voto favorable de diferentes Grupos a dimisión dunha ministra que xa está en funcións e que, polo tanto, xa ten máis de dimitida que doutra cousa.

Eu o que lle pido ao Partido Popular que reconduza esta situación e que se acolla ao pacto dos alcaldes, e que tamén faga unha proposta en positivo onde, por responsabilidade política, o Goberno galego nos chame ás forzas políticas e saiba vostede que para pedir solucións e para asegurar os postos de traballo ese Goberno galego do Partido Popular terá sempre ao seu lado ao Bloque Nacionalista Galego sen dúbida, sen dúbida, pero para pedir unha dimisión a unha ministra, eu creo que non se nos pode andar enredando con estas cousas. E, sinceramente, eu creo que non foi oportuna a moción polo que lle dicía antes, esta moción, en cambio ten moitísimo de oportunista. Nada máis.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, bo día. "Igualmente perigoso sería non conectar a reconversión dos sectores en crise coas promocións industriais que poñan a énfase na reindustrialización en termos de emprego e actividade industrial das comarcas afectadas". A cita que lles acabo de facer é do libro branco da reindustrialización, autoría de Carlos Solchaga, publicado no ano 1983, hai unha moi extensa bibliografía ao respecto do proceso de conversión industrial, conversión, modernización, o nome varía segundo os autores, da economía española, que empeza nese momento, nos oitenta, escollo a do libro branco da reindustrialización de Carlos Solchaga porque é a fonte primaria, basicamente Carlos Solchaga, ministro de Economía neste momento é o que vai concibir, vai pór en marcha este proceso de reconversión que, por certo, vai ter, como vostedes saben, unha forte contestación social, convídoos a botarlle un ollo se teñen tempo á hemeroteca dos xornais daquela época, da segunda metade dos oitenta, unha forte contestación social en Euskadi tamén, en Cataluña tamén, e por suposto en Galicia.

Desgrazadamente, como sabemos, a reconversión industrial posta en marcha polo PSOE nos oitenta funcionou de marabilla no que atinxe ao peche do sector industrial de titularidade pública, practicamente todos os estaleiros públicos foron pechados, ademais da industria siderúrxica, de produción de carbón, electrodomésticos e automóbil. Na parte de creación dun novo tecido industrial de alto valor tecnolóxico e competitivas en axudas do Estado, o certo é que o balance foi máis ben pobre nas zonas consideradas periféricas, como foi o caso de Ferrol, no que a desaparición do sector industrial de titularidade pública foi seguido pola nada, o deserto.

O proceso de reconversión, é dicir, de peches de industrias públicas baixo a epígrafe da chamada modernización, iniciada polo PSOE nos oitenta, foi continuado e agudizado polo PP nos noventa, engadindo ademais a desregulación daqueles mercados considerados estratéxicos. Así é o PP quen privatiza Iberia, Telefónica e tamén Endesa, e logo desregula o mercado enerxético dando lugar a unha suba constante no prezo da electricidade, que é un dos grandes atrancos ao noso desenvolvemento industrial hoxe en día. É o Partido Popular, como xa se dixo, quen vende Endesa, e logo, por certo, contrata como asesor nada menos que ao expresidente do Goberno, José María Aznar, nun caso arquetipo de capitalismo de amiguiños, ou dalgunha maneira dunha corrupción legalizada. Hoxe imos asistir nesta cámara ao espectáculo lamentable de contemplar como os dous Partidos que basicamente son responsables ao cincuenta por cento do proceso de desmantelamento e desertización industrial que padece o noso país e a nosa comarca, tratan de culparse mutualmente en período electoral desta desfeita. Porque señoras, señoras e señores do Partido Popular e do Partido Socialista basicamente vostedes comparten a mesma política económica, unha política económica baseada na privatización dos sectores públicos, estratéxicos, como sen dúbida é o que nos ocupa hoxe, o enerxético.

Vostedes comparten o modelo de liberalización de prezos que provoca que hoxe no Estado español teñamos un dos custos máis altos por electricidade da Unión Europea, o cal, sen dúbida, repercute de xeito negativo na competitividade no seu sector industrial, como se viu no caso de Alcoa Coruña, como se ve, se vai ver, no caso de Alcoa San Cibrao. Unha falta de competitividade polos

custos enerxéticos que incide directamente na praga de peches e deslocalizacións de industrias que estamos a padecer nestes últimos tempos no noso país. Unha perda de competitividade que provoca que o único xeito de manter certa capacidade para sobrevivir no mercado sexa o da explotación cada día máis salvaxe dos traballadores e traballadoras galegas que soportan os salarios máis baixos do Estado, creando así unha nova figura, ao do traballador pobre, tal e como denuncia no seu informe para Galicia a entidade católica Cáritas Diocesana.

Señores do Partido Socialista seguimos esperando pola derogación da reforma laboral de 2012 de Rajoy, seguimos agardando en Galicia por ese Estatuto para as electrointensivas que comprometeu a ministra Maroto hai xa máis de ano e medio. A situación do noso país esixe medidas inmediatas, esixe chegar a pactos, gobernar e deixar atrás dunha vez a política baseada unicamente no cálculo do rendemento electoral inmediato de cada nova convocatoria electoral como a que dalgunha maneira está no contexto desta xornada que vivimos hoxe.

Un país ademais o noso que leva perdidos nos últimos catro anos dous puntos de achega de produción industrial ao seu PIB, é unha cantidade realmente alarmante, pasando do 16 ao 14%, moi por debaixo do 20% que recomenda a OCDE. Mentres outras comunidades do Estado como o País Vasco, Aragón ou Navarra recuperan peso industrial nos últimos anos, Galicia segue a destruír o seu sector secundario ante a pasividade dunha Xunta de Galicia que non ofrece máis solucións que o deste lamentable espectáculo de hoxe.

Lemos esta mesma mañá que o presidente da Xunta está preocupado por vez primeira pola política industrial, por vez primeira. Acaso non vía chegar o proceso de peche industrial, do que el tamén é responsable? Acaso non ten un concelleiro de industria, Francisco Conde, que cobra o seu salario para tratar de atraer e fixar empresas en Galicia, acaso non conta co IGAPE para tratar de promover o sector industrial. De que é entón responsable a Xunta de Galicia?, é unha pregunta que lles fago sinceramente, de que é responsable a Xunta de Galicia?, porque despois de case corenta anos de goberno do Partido Popular, podemos dicir que Galicia non deixou de perder oportunidades para medrar, como si fixeron Aragón, Navarra, ou mesmo Castela-León neste tempo, Castela-León, por certo, gobernada tamén polo Partido Popular, e onde non se pechou a fábrica de Isowat en Medina del Campo.

Porque señores e señoras do Partido Popular, que leva feito a Xunta de Galicia para impedir o peche de Isowat o de Poligal, para impedir a deslocalización de R, ou coa crítica situación que padece agora mesmo Ferroatlántica?, a resposta é nada, o cero absoluto. Mentres outras administracións autonómicas crean as condicións para atraer e fixar industrias no seu territorio, o Partido Popular de Galicia límitase a culpar a outras administracións do seu propio fracaso. O Partido Popular pide hoxe o cesamento da ministra que dixo que o Estado non ía intervir Alcoa, directamente porque iso sería facer comunismo, pois ben, quen pecha hoxe Endesa é unha empresa pública, italiana, como xa se dixo aquí, ENEL. Entón, era Berlusconi comunista?, era Salvini comunista?, non, desde logo que non, o que si eran é gobernantes que defendían os intereses dos seus países.

E eu estou seguro que para vostedes o problema coa ministra Ribera non é que non sexa comunista, non é que non queira nacionalizar sectores estratéxicos, o problema é que é ela quen está aí no momento en que chegan as consecuencias da política de infrautilización e liberalización dos sectores estratéxicos que levaron a cabo vostedes nos noventa, seguindo unha senda iniciada polo PSOE nos oitenta. E por esta razón non podemos votar a favor da súa moción, aínda que para nós tamén Teresa Ribera ata o de agora sexa un desastre, -aínda que, por certo, aínda está a tempo, entendemos nós, de levantar esta situación-, pero por razóns moi distintas á súa. Vivimos neste momento aquilo que un político que non é do meu campo ideolóxico definiu como a era das consecuencias, Winston Churchill, efectivamente, vivimos a era das consecuencias de todo o proceso de desregulación e privatización levado a cabo nos oitenta e nos noventa.

Por esta razón imos votar hoxe en contra da súa moción, porque vostedes non representan unha alternativa á política económica do PSOE, senón máis ben todo o contrario, a súa agudización. Dito o anterior, nós esiximos tamén que o Estado interveña nas Pontes, que asegure un proceso de transición enerxética progresivo e pactado, baseado en fontes de enerxía alternativas, como é o gas. Nós esiximos na nosa proposta de moción alternativa que se poña en marcha un Plan de reindustrialización efectivo da nosa comarca, que vaia máis alá da simple declaración de intencións, que conteña actuacións, prazos concretos e un orzamento cuantificable. Nós esiximos que este Plan

conte para a súa elaboración con axentes sociais e coa Xunta de Galicia, e tamén cunha Comisión de seguimento para asegurar o seu cumprimento. Nós esiximos do Estado e da Xunta de Galicia, responsables cadaquén na súa porcentaxe do peche das nosas industrias, que traballen conxuntamente para construír un futuro para o noso sector industrial. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día. Subscribindo case integramente as intervencións dos voceiros de Alternativa dos Veciños e do BNG, si que engadiría que hoxe estamos ante a escenificación dun uso con intereses simplemente electoralistas dun problema que afecta a centos de cidadáns, algo ao que xa estamos afeitos nesta institución por parte do Partido Popular nos últimos tempos, cidadáns que penso que non se merecen un espectáculo de mercadeo electoralista como o que estamos a ver nos últimos temas cunha problemática das características desta e que ademais con argumentos, como se pode ver na exposición de motivos desta moción, que pouco teñen que ver coa realidade, ou polo menos só expoñen o que é unha parte da realidade e omiten e tapan deliberadamente outra parte, o cal denota, sen lugar a dúbidas, primeiro a fraqueza dos seus argumentos e da súa estratexia, e por outra, e penso que é o máis importante, o pouco respecto que senten por eses cidadáns aos que din representar e por cuxos intereses din vostedes pelexar e moverse hoxe nesta moción. Por iso si que me gustaría facer un chamamento á responsabilidade e insistir nesa proposta que se realizou na Xunta de voceiros de mudar esta moción nunha declaración institucional, baseándonos ademais en algo que din vostedes na súa propia exposición de motivos, que di que "...debemos amosar a unidade de acción que os nosos veciños se merecen para denunciar este novo castigo..." Pois esa é a unidade de acción que se lles propuxo na Xunta de voceiros e que vostedes decidiron non aceptar, parece que só está plasmado no papel, pero non así nas intencións reais.

E isto é unha cuestión, que xa falamos dela no anterior Pleno, saben vostedes que ademais hai unha declaración institucional asinada polos vinte e cinco alcaldes das comarcas de Eume, Ferrolterra e Ortegal, por certo, ese mesmo día, na planta baixa do Concello de Ferrol, mentres nos reuniamos na primeira, o Partido Popular presentaba unha solicitude de Pleno extraordinario igualiña a esta, polo tanto, incido novamente máis nesa contradición entre o que se escribe sobre a unidade de acción e o que se fai, ou, como dicía o voceiro do BNG e vicepresidente desta institución, tamén ese mesmo día se presentaba a solicitude de Pleno extraordinario nesta institución, polo tanto, nin tan sequera esperaron a que os alcaldes, que son os lexítimos representantes de todos os veciños desas comarcas, chegaran a un resultado que foi, como digo, unha declaración institucional consensuada entre todos e todas eles. A súa moción, que tamén se presentou na nosa comarca, de vinte concellos penso que só foi aprobada en dous, polo tanto, penso que é un bo exemplo tamén de ata qué punto e ata onde pode chegar esta estratexia do Partido Popular que, desde logo na comarca de Ferrolterra, Eume e Ortegal, que é a principal afectada, tivo en base a eses feitos pouco éxito.

A verdade é que a estratexia está moi clara, a culpa é do Goberno central, de Pedro Sánchez, estamos ás portas dunhas eleccións xerais, e digamos que en fronte do portal dunhas eleccións autonómicas e, polo tanto, hai que derivar as responsabilidades enteiramente cara a un dos actores que ten unha parte da responsabilidade, e que no meu Grupo xa no último Pleno aceptamos e asumimos, incluso denunciámos, que por parte do Goberno central había unha responsabilidade, ou unha porcentaxe de responsabilidade na situación que estamos a vivir, pero non é a única. E por iso chama a atención que pidan vostedes a dimisión da ministra de Transición Ecolóxica, dicíao recentemente, imos ver, hai que facer pedagogía. Endesa ten un diferencial negativo na produción de cada megavatio de 16 euros con respecto ao prezo do mercado, é dicir, cada megavatio que produce está 16 euros por riba do prezo de que se vende. Deses 16 euros, 6 euros corresponden ao céntimo verde, efectivamente esa é responsabilidade do goberno do Estado, aí é a culpa, se queren vostedes dicilo así, da ministra de Transición Ecolóxica, pero logo hai 10 euros, deses 16, que se corresponden cos dereitos de emisión de CO₂, e os dereitos de emisión de CO₂ nada teñen que ver co Goberno do Estado, dereitos de emisión que, por certo, teño aquí o dato, no ano 2017, en maio de 2017, se pagaban a 4,30 euros a tonelada, hoxe mireino ás dez da mañá, cotizábase a 26,07 euros a tonelada. En grande medida, a que se debe ese incremento?, pois débese, e iso non o digo eu, dío a propia Endesa, ás modificacións legislativas aprobadas no mandato anterior por parte da Unión Europea, que permiten, e diso tampouco falan vostedes na súa exposición de motivos, a pesar, como digo, de que é unha porcentaxe superior de responsabilidade neste problema que o que ten o Goberno do Estado, débese a que se permite, a partir da aprobación, como digo, desa modificación legislativa, que os fondos de investimento e os bancos poidan comprar dereitos de emisión de CO₂,

esa decisión que toma a Unión Europea tómaa nunha área xestionada por un señor que non é do Partido Socialista, que é o Sr. Arias Cañete, que é do Partido Popular Europeo, máis concretamente tamén do Partido Popular de España. Curiosamente, postos a pedir dimisións, se é que con iso solucionamos algo, non falan vostedes de Cañete que pesa, desde o punto de vista económico, non falo do físico, que tamén, pero no punto de vista económico pesa 10 euros, fronte a 6 euros que pesa a ministra de Transición Ecolóxica, pero diso non se fala, falamos da política errática en materia enerxética do Goberno do Estado, da Unión Europea non temos nada que dicir. E preguntolles, señores do Partido Popular, neste caso á súa voceira, que xa lle fixen a pregunta o outro día, e non ma respondeu, se vostede comparte a decisión do Sr. Arias Cañete de que os fondos de investimento e os bancos que non xeran ningún tipo de gas poidan comprar dereitos de emisión, dereitos de emisión que ademais, e voulle ler unha cousa que non a digo eu: "Durante o ano 2019 produciuse unha profunda modificación nas condicións de mercado que afecta ás centrais térmicas de carbón, derivadas fundamentalmente do prezo internacional das *commodities*, é dicir, da materia prima, e a efectividade dos novos mecanismos de regulación do mercado de dereitos de emisión de dióxido de carbono, que desprazan ás centrais de maior volume de emisións en beneficio doutras tecnoloxías", ben, isto non o digo eu, sabe quen o di?, pois dío o secretario do Consello de Administración, Borja Acha Besga, de Endesa. Este é o comunicado que Endesa o día 27, ao que vostede fai referencia, remite á Comisión Nacional do Mercado de Valores, onde Endesa di perfectamente cal é a motivación do peche desa central, e que o centra entre outras cousas nos dereitos de emisión, aos que vostedes na súa moción, casualmente, eluden.

Entón, iso, ao final, que é o que pasa?, que apesta, apesta a electoralismo, e o peor xa non é que apesta a electoralismo, porque podemos entender que é parte do xogo, o peor é que o que denota é a falta de respecto por esas persoas ás que vostede se lles enche a boca de falar e de dicir que defende e que lles preocupa moito. E xa llo dicía o outro día, a situación de Ferrolterra, Eume e Ortegá non é só derivada da situación das Pontes, hai outras moitas empresas que están a pechar, e non escoitei dicir nada ao Partido Popular que, por certo, por iso nese documento que asinamos todos os alcaldes faise referencia a outra institución, a outra administración pública que tamén ten competencias en materia industrial, que é a Xunta de Galicia, á que vostedes tampouco nomean, e que en base ao artigo 30 do Estatuto de Autonomía de Galicia, é a que ten as competencias en materia industrial a excepción daquelas que teñen que ver coa enerxía e coas minas, pero hai outras moitas empresas da nosa bisbarra que están pechando, e o quilo de parado de Endesa custa o mesmo que o quilo de parado de Poligal, xa llo dixen o outro día. Por iso nós facemos unha declaración institucional, que é moito máis ambiciosa e que incide moito máis na situación desa bisbarra que non se circunscribe, por sorte ou por desgraza, só á situación de Endesa_As Pontes, senón que fala dunha diversificación do tecido industrial, que é o que necesitamos, e o que ben fixo o Concello das Pontes durante moitos anos para non depender única e exclusivamente do que era Endesa, pero diso tampouco falan.

Polo tanto, ata onde chega a súa preocupación polos parados da nosa bisbarra e pola situación industrial da bisbarra de Ferrolterra, Eume e Ortegá?, circunscríbese só ás Pontes, a Endesa_As Pontes?, e se é así, e só se circunscribe a Endesa_As Pontes porque non fai vostede unha análise na súa exposición de motivos de por que chegamos ata esta situación e quen son os responsables, porque estes datos que lle acabo de dar, xa lle digo, este é un documento de Endesa, non o digo eu, e fala dos dereitos de emisión dos que vostedes omiten, unha vez máis, na súa exposición de motivos, centrándose única e exclusivamente na política errática en materia enerxética do Goberno do Estado. Polo tanto, queda perfectamente claro, á vista de toda esta exposición de motivos cáil é a súa vontade con esta moción, e chama a atención que no último Pleno nos botara vostede en cara que non se traía aquela moción que traíamos nós como declaración institucional, e resulta que na Xunta de voceiros, as que vostedes nos botaban en cara que non convocabamos, convócase, pídesse que veña como declaración institucional, e din vostedes que non, onde digo digo, digo Diego, ese é o problema, e o único que nos importa aquí é a ver se podemos rabuñar algún voto dalgún despistado culpando a quen ten parte de responsabilidade. E xa llo dixen naquel momento, os que estamos aquí sentados asumimos e dicimos publicamente que o Goberno do Estado ten responsabilidade nesta problemática, a vostedes non lle escoitei dicir en ningún momento que o Partido Popular europeo e o Sr. Arias Cañete teñen tamén outra parte de responsabilidade.

Polo tanto, sexan honestos, porque gañará moitísimo máis o debate, e gañarán moitísimo máis vostedes en credibilidade fronte aos que están fóra escoitándonos e véndonos, porque do contrario o único que están facendo, como dixen, é un mercadeo electoralista que é vergoñento e que

non é digno de ningunha institución, e moito menos dunha administración pública como esta. Moitas grazas.

Sra. Aneiros Barros

Moitas grazas, Sr. presidente. A verdade é que teño que recoñecer que sinto unha gran decepción polas declaracións que se verteron neste salón e que, desde logo, deberían decepcionar non soamente a este Grupo, senón tamén ás familias que están pendentes do seu futuro e que, desde hai meses, como o caso dos transportistas levan sen poder levar un soldo ás súas casas, pero iso parece que non preocupa moito aos que interviron neste salón.

Vou intentar contestar algunhas cuestións. Sr. García Seoane, simplemente un par de cousas. Mire, este Pleno extraordinario solicitouse o día 1 de outubro, o feito de que este Pleno se celebre hoxe depende da decisión do presidente desta Deputación, non deste Grupo que o solicitou, insisto, o 1 de outubro. E lamento, a verdade, profundamente que frivolicie coa situación destes concellos e de 700 familias, láméntoo. Desde logo creo que se o seu concello fose o afectado por esta situación, non creo que dixera o mesmo que dixo na súa intervención.

Para nós este non é un tema menor, nós temos claro por que convocamos e por que pedimos este Pleno extraordinario, témolo moi claro, estamos falando do peche dunha central da que dependen moitas familias, e que terá un impacto económico realmente grave sobre todas as nosas comarcas, se ese lle parece un tema menor, desde logo a nós claramente non.

Fala da eliminación do carbón, todos estamos a favor da eliminación do carbón, pero evidentemente para eliminar o carbón pódese facer de dúas maneiras, unha, pechando as centrais térmicas dun día para o outro, co impacto que iso pode ter nas comarcas nas que están implantadas, ou dous, que é o lóxico, o responsable e o que aconsella tamén a Unión Europea, que é en base a unha transición xusta, ordenada e planificada, que é o que estamos solicitando, permitindo a esas centrais que traballan con carbón adaptarse a outras materias primas que garantan o emprego e que garantan a actividade industrial. Creo que é sinxelo de entender e creo que nosoutros temos moi claro o noso posicionamento, e así o estamos defendendo.

Ao Sr. Lema, tamén decepción, unha gran decepción ante as súas declaracións, pero mire, eu vou ser moi breve, vostedes critican ao Partido Socialista e ao final presentan unha emenda na que subscriben practicamente o que pide o Partido Socialista, entón a súa posición non é moi coherente. Non é moi coherente, nin neste punto, nin tampouco nas súas actitudes normalmente desde o punto de vista político. En Ferrol coñecemos moi ben ás Mareas, coñecémolas demasiado ben, e en Ferrol demostrárono, están en contra de todo, estiveron en contra de Endesa, estiveron en contra de Reganosa, estiveron ata en contra da Eólica Marina nos estaleiros da ría de Ferrol, estiveron en contra ata do Porto de Ferrol, opoñéndose claramente a un acceso ferroviario que permitiría un crecemento exponencial desta infraestrutura. Vostedes están en contra de todo iso, vostedes son os que defenden aos traballadores, que din que defenden aos traballadores, que van ás manifestacións e que son os máis valentes, os que se encaran cos axentes, coas forzas e corpos de seguridade, eses son vostedes, os que cando están as fotos e as pancartas están alí de primeiros, pero que á volta da esquina o que fan é aplaudir os peches das empresas. E mire, non se pode estar nun sitio e no contrario, non se pode querer defender aos traballadores e aplaudir cando se pretende pechar as empresas que dan traballo precisamente a todas estas persoas, pero ben, afortunadamente o seu discurso xa creo que non o compra a xente polo que estamos vendo.

Sr. Regueira, tamén decepción, decepción de todo o que dixo. Aquí vimos falar dunha problemática concreta, que é o peche da planta de carbón das Pontes, vostede veu falar aquí de todo, absolutamente de todo, pero diso non. Fala das medidas, que esta moción non formula medidas, é que esas medidas viñeron o mes pasado, esas medidas, por certo aprobadas polo seu Partido, viñeron no Pleno do mes pasado, esas medidas concretas que permitirían a reapertura da central térmica. Esta moción preséntase despois de coñecer o anuncio do peche da planta de carbón das Pontes.

Céntrase moito, supoño que o Partido Socialista daralle ás grazas polo seu apoio a súa ministra, crítica que pidamos a dimisión, di que non ten moito sentido porque está en funcións a ministra, pois se non ten sentido porque está en funcións, non debería ter tanto problema en votar

esta moción, cal é o problema? se está en funcións aínda menos custo lle debería ocasionar este posicionamento. E fala de oportunismo, ou sexa, que vostede o que preferiría é que aquí todos estiveramos calados, estiveramos mudíños, non dicindo nada ante unha situación como a que se nos está aveciñando, iso é o que vostede me está propoñendo, e por iso somos oportunista, porque o 27 de setembro se anuncia o peche da planta e vostede pide que non fagamos nada, pois mire, aí non nos vai encontrar.

E ao Sr. portavoz do Partido Socialista, ben, apostamos a electoralismo, Sr. Fernández, desde logo que pena!, apostamos a electoralismo, paréceme desde logo decepcionante tamén que sexa capaz de poñer en xogo e de falar do que estamos poñendo en xogo, e acusar de electoralismo a outros Grupos. Canto de electoralista lle parece que haxa un Goberno en Madrid que lle pide á empresa, a Endesa, que pospoña o anuncio do peche a despois do 10 de novembro?, canto de electoralista ten que haxa un Goberno que prefere enganar aos seus veciños e ocultar todo isto cun único obxectivo, que é o de que non lle pase factura nas próximas eleccións. E vostede nos acusa de electoralista por vir a este Pleno a reclamar a reapertura da central térmica, pois non llo podemos permitir, porque non nos parece electoralista. Tamén vostede cre que o máis oportuno é quedar calados.

Mire, fala da moción, non sei se lle sentou mal que presentamos esta moción, tanto na Deputación como no resto de concellos da comarca, e xáctase de que non saíu adiante esta moción, pois claro, non saíu adiante porque o Partido Socialista, o seu Partido, votou en contra de esixirle ao Goberno medidas que permitan a reapertura da central térmica, non sei se está orgulloso diso, pero a min non me parecería desde logo un motivo do que deberíamos de estar orgullosos. Presentamos esta moción que ten un punto moi claro e moi concreto, reabrir a central térmica das Pontes e esixirillo así a este Goberno, fala da situación de Eume e Ortegá e podemos falar longo e tendido diso. Fala de que parece que lle preocupa o que pasa en Europa, do que pasa na Xunta, pero sabe canta autocrítica fixo do seu Goberno, do Goberno socialista de Madrid?, que autocrítica fixo vostede, Sr. Fernández?

Mire, pódolle citar algunhas cuestións, a finais de 2016 Endesa anuncia un investimento de máis de 200 millóns de euros, anúnciase para permitir ampliar a vida útil da central ata o 2045. En marzo de 2018, Consello Asesor para a transición ecolóxica da economía do Partido Socialista, lideráboa unha persoa descoñecida por aquel entón, unha persoa chamada Teresa Ribera, a actual ministra para a transición ecolóxica, e xa daquela presentaba un documento no que dicía que todas as centrais térmicas de carbón tiñan que pechar antes do 2025. En xuño de 2018 Pedro Sánchez nomea a esta persoa ministra para a Transición Ecolóxica, e empeza xa a filtrar cal van ser as súas liñas de actuación, nun periódico, El Español, o 5 de xullo, titula un artigo "Del cierre del carbón y las nucleares al fin del impuesto al sol, los retos de la nueva ministra de Energía". En outubro de 2018 o Goberno socialista retíralle o céntimo verde ás térmicas do gas, pero en cambio non o fai coas do carbón, e isto pon nunha grave situación a todas as térmicas do carbón, como vostede ben sabe, porque son menos competitivas. Poucas semanas despois, secretario de Estado de Enerxía, José Domínguez Abascal, declaracións nas que anuncia o peche de catorce centrais térmicas de carbón en España, concretamente o número dous da ministra o que di é que Meirama ten que pechar en xuño do 20, e as restantes entre o 25 e o 30, de golpe, entre 15 e 20 anos menos de vida de todas estas centrais. Mire e dígame se estamos ante un Goberno que teña ideas, que teña planificación, dígame se non estamos ante un Goberno que se dedicou a levar a cabo unha política en materia enerxética desde logo de improvisación e de decisións contrarias ao sector do carbón. Dígame se este Goberno, como recoñeceu, non ten ningunha alternativa viable que garanta a continuidade da central térmica das Pontes e polo tanto de todos eses traballos, esa é a realidade deste Goberno.

E vostedes, xa vou anunciar que non imos, porque ademais isto nin sequera se presentou como moción, senón como punto de acordo, non imos evidentemente a admitir ningunha das emendas que se presentaron, pero é que gustaríame ademais dicir que, claro, este é un Pleno extraordinario solicitado polo Grupo Popular, un Pleno extraordinario para abordar unha situación moi concreta, o peche da central térmica das Pontes. Fíxense vostedes no título do propio escrito da súa emenda, "Emenda de substitución dos Grupos Provinciais do PSOE e Bloque ao acordo que formula o grupo Provincial Popular na solicitude de Pleno extraordinario sobre o peche da central térmica das Pontes", este é o tema, peche da central térmica das Pontes. Pois ben, voulles preguntar, vostedes nesta proposta que fan, e que desde logo non imos aceptar, saben cantas veces aparece a palabra peche, a palabra central térmica ou a palabra As Pontes?, sábeno?, ningunha, ningunha. Eu dígolles,

de verdade que nos parece moi interesante esta formulación que nos fan, parécenos moi interesantes, e non temos ningún problema, ningún, en convidalos a que traian ao próximo Pleno ordinario unha moción para falar da situación industrial das nosas comarcas, para falar do castigo que sofren as comarcas, do desmantelamento do sector industrial, das decisións ou da falla de decisións do Goberno de Madrid e que están afogando ás nosas comarcas, non temos ningún problema, fágano e falaremos disto, pero este Pleno extraordinario solicitouse por este Grupo para falar dunha situación concreta que é o anuncio do peche da planta de carbón de Endesa e para pedir que o Goberno empece a facer algo para adoptar medidas que garantan a supervivencia da central.

Fala do tema da Unión Europea, mire, a Unión Europea de todo iso do que fala, que lle encanta falar do Sr. Cañete, na Unión Europea non está só España, con España están os demais países da Unión Europea. A Unión Europea é a primeira en defender que a transición non debe xerar damnificados, como si pode facelo aquí en España, os Estados membros son os que teñen que adoptar medidas que, precisamente, afronten esta situación que é o que estamos esixindo. Só citarlle, en Europa oito países, oito, teñen o foco, o horizonte en 2030 para eliminar o carbón, oito países, once anos para eliminar o carbón, países como Austria, Dinamarca, Finlandia, Francia. Outros países como o Reino Unido e Suecia non teñen prazos, e incluso outros países, moitos, once, non van renunciar antes de 2030 a prescindir do carbón. Dígame por que en España non pode pasar o mesmo, dígame por que nesa Unión Europea na que están todos estes países hai gobernos noutros Estados que son capaces de permitir unha transición ordenada e planificada e en España non?, dígame por que somos distintos e por que queremos ser os campións en pechar centrais térmicas do carbón porque todos, insisto, estamos na Unión Europea.

E eu, para ir rematando, mire, esta é unha moción, volvo dicir, moi concreta, cun tema moi sinxelo, estamos pedindo, a pesar de todo o que poidan dicir, pedindo e esixindo a reactivación da central térmica das Pontes. Somos conscientes de que esta emenda que hoxe pretenden, pretendían, incorporar, presentárona noutros concellos da comarca, pero tamén somos conscientes de que as instrucións que o seu Partido lles deu é a de, atención, que cando o Partido Popular presente esta moción pedindo, ou este acordo pedindo un Pleno extraordinario para esixir a reapertura da central térmica, todos os do Partido Socialista a presentar unha emenda para falar da reactivación da zona e das comarcas, en xeral de todo. Esas son as instrucións e así, moi obedientes todos, fixeron todos os portavoces e alcaldes do Partido Socialista nos concellos da comarca.

Pero a verdade é que despois de velo, Sr. Presidente, e gustaría dirixirme a vostede, despois de velo defendendo os intereses dos veciños das Pontes, defendendo a central térmica, e defendendo, por tanto, todo o que iso supón, a verdade é que pensabamos que nesta Deputación ían ser distintos. Pensabamos que vostede, a pesar de ser presidente desta Deputación, é vostede tamén alcalde das Pontes, pensabamos que demostraría neste Pleno tamén que a súa prioridade son eses veciños, é a continuidade da central térmica. Desde logo, non sei, parece que nos equivocamos, ou quizais non, porque desde logo mantemos a esperanza de que pode que non nos defrauden e voten a favor desta proposta que traemos hoxe a Pleno. É o que esperan de vostede os seus veciños, a comarca, porque a pregunta é clara, está vostede e os deputados a favor ou están en contra de esixirlle ao Goberno de Madrid a reactivación da central térmica, de esixirlle ao Goberno de Madrid que adopte medidas que permitan a reactivación da central térmica das Pontes e salvar a central e salvar eses postos de traballo, é sinxelo.

Vostede manifestouno publicamente, vostede dixo que si, vostede saíu conxuntamente co presidente da Xunta a defender ese posicionamento, a esixirlle ao Goberno de Madrid a adopción de medidas que garantan a supervivencia da central e o que eu me pregunto é que despois de ter exposto publicamente esa esixencia ao Goberno de Madrid, se agora nesta Deputación non vai ser capaz de ser coherente co que xa se dixo.

Eu o que lles podo pedir, ou que lle podemos pedir desde este Grupo é que sexan coherentes, que sexan consecuentes e que voten a favor desta proposta, do contrario estaríamos vendo como están votando ou como votan en contra desa reactivación, como votan en contra do mantemento de 700 postos de emprego, en contra dos intereses de 700 familias que dependen da central, en contra do futuro da central e do propio Concello das Pontes. Nós non imos avalar un novo desmantelamento industrial na nosa comarca, e vostedes teñen a oportunidade tamén de poder facelo. Que é máis importante para vostedes?, esperamos que sexan consecuentes e coherentes e acepten e voten esta proposta que traemos desde este Grupo. Nada máis.

Sr. Fernández Piñeiro

Por onde empezar? Primeiro, Sra. Aneiros, xa llo dixen o outro día, e continúa vostede na mesma dinámica, entra en automático, e fala vostede de autocrítica, que non se fixo autocrítica, eu non sei que teño que facer, traer unha careta de Pedro Sánchez e plantarlle lume aquí, é dicir..., dixen no último Pleno, dixen no debate na radio, e dixen hoxe que critico ao Goberno do Estado pola tramitación, ou pola xestión que realizou desta problemática, sobre todo no que se refire ao céntimo verde, non sei como o podo dicir para que vostede o entenda, para que vostede me escoite ou para que vostede solte o automático e deixe de utilizar argumentos que teñen que ver igual co Parlamento do Estado, ou co Senado, ou con outro sitio, pero non con esta Deputación, porque este Grupo provincial xa dixo en moitas ocasións estar en contra desas decisións. Por certo, eu funme manifestar ao Congreso dos Deputados, fronte ao Goberno do Estado, tamén o fixen fronte á Delegación do Goberno e tamén o fixen fronte á Delegación da Xunta de Galicia, onde a vostede non a vin, esa é a diferenza entre vostede e os que estamos aquí sentados, que vostede só se manifesta en contra cando non está o seu Partido, cando está o seu Partido e ten competencias, non di nada, e segue vostede sen contestarme á pregunta que xa lle fixen por cuarta vez, que é, comparte vostede a decisión da Unión Europea de que os fondos de investimento e os bancos poidan comprar dereitos de emisión, que supoñen 10 euros dos 16 que ten de diferencial negativo Endesa na produción de cada megavatio de enerxía eléctrica?, e segue vostede sen responder.

E que nos diga aos demais que somos frívolos, díxolle a tixola ao cazo, realmente hai que ter valor como pouco por non utilizar outro tipo de expresión, frivolidade a súa. E en ningún momento, como di vostede, "pretende vostede que quedemos calados", non, se o que lle estou pedindo é que falen máis, pero o que lle estou pedindo precisamente é iso, que digan á xente, á cidadanía que os escoita, cal é o verdadeiro problema aquí, e que o problema non se circunscribe, por desgraza, única e exclusivamente ao Goberno do Estado e á ministra de Transición Ecolóxica, porque é curioso que fale vostede de que hai que aplicar medidas de reactivación da empresa, e resulta que a única medida que se propón na súa moción é que dimita a ministra. Se coa dimisión da ministra se arrancara o problema, pódeme crer que o primeiro en pedila sería eu, a ministra, Pedro Sánchez, incluso a do Rei se fixera falta, o problema é que a vostede non a escoitei falar de ningunha medida concreta máis aló desa. E preguntolle eu, se a ministra pesa 6 euros deses 16, que están impedindo a Endesa ser competitivo, e Arias Cañete pesa 10, por que pide vostede a dimisión da que pesa 6 e non da que pesa 10 tamén?, pidámola dos dous, pero non a pide vostede, por que?, por que vén aquí a facer, ía utilizar outra expresión, voume relaxar nese aspecto, vén vostede facer aquí política partidista do Partido Popular, achacando aos que estamos en fronte precisamente daquilo que vostedes carecen, que é desa honestidade da que vostede fala. Polo tanto, leccións nese aspecto aos que estamos aquí, ningunha. E non me traslade vostede un debate do Congreso dos deputados, porque eu non son deputado no Congreso dos deputados, e estamos falando na Deputación Provincial da Coruña, cando lle repito que o presidente e os que estamos aquí sentados temos unha posición moi clara a este respecto, e temos perfectamente claro quen ten responsabilidades, vostede non, porque as deriva só a unha parte, que é a que lle interesa, e se sentira vostede o máis mínimo respecto polos parados desa comarca, e pola situación da nosa bisbarra, non viría aquí con esta moción que, como digo, apesta a electoralismo, apesta.

E que diga vostede que como votamos en contra, estamos votando en contra da reactivación da empresa, votamos en contra dos transportistas, votamos....., non, votamos en contra dunha moción partidista do PP, punto, por tanto non manipule vostede nin terxiverse cal é a dirección do voto dos que estamos aquí sentados. Votamos en contra dunha moción partidista, electoralista do Partido Popular, ao que non lle interesa en absoluto a situación desas persoas, porque se lle interesara estarían sumando vostedes a todos os que estamos aquí sentados que compartimos a preocupación, esa é a cuestión. Polo tanto, deixe vostede de utilizar a desgraza dos demais para intentar sacar algún voto, porque iso réstalle moita credibilidade fronte aos que están fóra, xa llo digo, porque os que estamos aquí xa sabemos de que pé coxea cadaquén.

Son tantas as cousas que vostede di, que é unha cousa bastante curiosa. Di vostede o tema da UE, o dos dereitos de emisión vostede resúmeo como o tema da UE, como se fose unha cousa dun que pasaba aí pola rúa. O tema da UE, como dixen antes, e volvo repetir, está en grande medida

detrás desta problemática, pero vostede non fala diso, fala doutros países europeos, falábame o outro día de Alemaña, que mantén as térmicas, pero o que vostede ás veces non din é que Alemaña ten a mina pegada á térmica, e non ten que traer carbón de Indonesia e outros lugares, como temos que traer aquí, porque aquí non temos minas, Sra. Aneiros, sabe?, e os custos de traslado de todo ese material, ten que asumilos Endesa, e máis alá do que poida dicir eu e do que poida dicir vostede está o que lle lin hai un intre, que é o que di a propia Endesa no comunicado que envía a Comisión Nacional do Mercado de Valores e que vostede obvia porque non lle interesa, é dicir, vostede hai un problema, vostede saca un diagnóstico que nada ten que ver coa realidade, que incluso o propio médico e o enfermo ao que están tratando están dicindo onde ten o problema, é dicir, e como se eu digo que me doe unha perna e vostede dime que non, que o problema está nun ombreiro, mire, pero é que a radiografía dá que a perna está rota, non, non, é que o problema está no ombreiro, a ese nivel de absurdo chega a postura do seu Grupo. Polo tanto, imos ser un pouco serios e, como digo, non acusar aos demais daquelas cuestións que fai vostede, e que nos diga que aquí seguimos instrucións do Partido, e que manda truco, manda truco!, e que fale vostede de lealdade cando o mesmo día que estamos os alcaldes reunidos, presenta unha moción sen esperar a ver que dicimos, home, por favor!

E, por certo, dicíalle vostede ao señor da Marea que presenta unha addenda que lle pasou o Partido Socialista, segue vostede sen enterarse, esa addenda que presenta o Partido Socialista e que presenta a Marea, é a addenda que asinamos os vinte alcaldes da comarca, entre os que están tres alcaldes do Partido Popular, que segundo vostede deben de ser militantes do PSOE ou polo menos unha especie de espía, porque digo eu que se eles a asinaron, non creo que ningún do PSOE, desde logo nin eu, nin o presidente, ningún dos alcaldes do Partido Socialista que estabamos alí presentes lles puxemos un coitelo no peito para que o asinaran, e alí estaba o alcalde de Fene, que ata onde sei, penso que é do Partido Popular, estaba o alcalde de Mañón que ata onde sei é do Partido Popular, e o alcalde das Somozas, que ata onde sei, tamén é do Partido Popular, e tamén asinaron esa declaración institucional que inclúe iso que hoxe presentamos como addenda, os dous Grupos, os dous Grupos. E aínda que na comarca de Ferrolterra, Eume e Ortegal o Partido Popular ten poucas alcaldías, non as ten todas o PSOE, por desgraza para nós, pero tamén as ten o BNG, e tamén as ten Izquierda Unida, pero estamos todos confabulados con Pedro Sánchez para atacar ao Partido Popular e a nosa comarca, por favor.

Polo tanto, imos ter un pouco de seriedade e ser honestos, sobre todo coa xente que está a padecer esta situación e que está nunha situación desesperada, e non vir aquí, como dixer, a rabuñar algún voto a costa da súa desgraza, e se hai que pedir dimisións pidámola de todos os que teñen responsabilidade nesta materia, de todos, e cando veña vostede a dar leccións aquí de a onde hai que ir, e a onde non hai que ir, primeiro dea vostede exemplo, porque hai sitios onde a vostedes non os vemos. E xa llo dixer antes, os parados valen igual todos na nosa bisbarra, e as competencias en materia de industria máis alá do das Pontes, que xa digo, estou falando das Pontes, pero máis alá das Pontes, tenas tamén a Xunta de Galicia, e cando houbo unha manifestación para impedir o peche de Poligal non os vin a vostedes alí sentados, que casualidade! Pero podemos falar tamén se quere vostede de Linco, ou de Isowat, agora si o presidente Feijoo, como dicía o Sr. Regueira, agora está preocupado pola situación da industria, agora se enterou, resulta que tiña un señor sentado no Consello da Xunta, que era conselleiro de Industria, pero debían pensar que era o que vendía cacahuetes alí. Por tanto, empecen a asumir vostedes a súa responsabilidade, porque o meu Grupo asume a súa, e critica a quen ten que criticar, onde faga falta e a quen faga falta. Cando nos vexamos aí con vostedes, outro galo cantarás. Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Por facer algunha breve aclaración, xa que creo que basicamente xa están expostos todos os argumentos. Eu son concelleiro da Marea Atlántica, e en calidade de concelleiro da Marea Atlántica son deputado provincial aquí hoxe, Sra. Aneiros, se vostede non ten clara cal é a composición da Marea Atlántica voulle facer un breve resumo, aí está xente de Esquerda Unida, xente de Unidas Podemos, xente do municipalismo e, modestamente, tamén quen fala aquí hoxe, xente que vén de Anova e, por tanto, desde unhas posicións nacionalistas. En todo caso, a Marea Atlántica asume, e eu creo que é un proxecto histórico que vén de lonxe, que por exemplo a súa localidade natal se referencian eventos como Amador Rei e Daniel Niebla, vostede supoño que lle soarán, que foron mortos na represión franquista que tivo lugar na cidade departamental polo peche de Ascón e de Astano no ano 72. Nós nos referenciamos aí, a vostede ao mellor parécelle confuso, pero vostedes

estaban daquela ao mellor noutros lugares, nós seguimos por esa senda, despois tamén estamos sempre do mesmo lado tamén cando chega a quenda de opoñerse ao peche, nos anos 84 tamén, das reconversións industriais, seguimos estando do mesmo lado.

Seguimos estando do mesmo lado hoxe cando estamos en contra do peche destas empresas que lle vou nomear que pechou o seu Partido, de Adif, de Aena, de Red eléctrica en parte, de Renfe, de Iberia, -participada hoxe, por certo, tamén por capital inglés, que curioso que os ingleses non imitan o seu liberalismo salvaxe, os ingleses que son, por certo, os inventores da fórmula-, Telefónica, tamén privatizada por vostedes, Correos, en parte tamén privatizada por vostedes, e por suposto de Endesa, privatizada por vostedes. Entón, caramba, unha de dúas, ou vostedes pensan que a xente é idiota, ou que non ten memoria, porque a miña pregunta si que é esta, vostede está a favor da privatización de Endesa do seu Partido?, a única pregunta que lle vou facer é esa, é unha pregunta de si ou non, por favor, non vaian vostedes a cuestións de matiz xurídico, que creo que realmente non conta, senón a esta simple cuestión. Hoxe péchase Endesa porque a privatizaron vostedes, se Endesa fose unha empresa pública non sería privatizada, habería outros mecanismos, iniciárase unha transición progresiva, un cambio de ciclo, pero basicamente, privatízase Endesa e a continuación péchase, esta é a era das consecuencias das que falaba alguén que debiera de ser un referente intelectual para vostedes, ideolóxico, como era o Sr. Churchill, pois efectivamente, esta é a era das consecuencias das súas políticas. Pregunta de si ou non, vostede está a favor ou en contra da privatización de Endesa? porque iso é o que está detrás efectivamente do que hoxe acontece, por favor respóndame si ou non, eu dígolle que estou en contra daquela e hoxe, e que sempre estiven en contra do caso das privatizacións que lle enumerei antes.

E tamén lle direi que estou moi preocupado pola situación que vive Galicia e a nosa comarca pola situación de peche inminente de Isowat ou a deslocalización de R, na que, por certo, a Xunta de Galicia semella que non ten nada que dicir. E eu pregúntome, hoxe pola mañá saían declaracións do presidente da Xunta dicindo que está preocupado por primeira vez na súa vida sobre a política industrial en Galicia, caramba!, pero como é posible?, despois de corenta anos no Goberno empezan a preocuparse agora, entón que pinta o conselleiro?, que pinta o IGAPE?, que responsabilidades teñen vostedes no que sucede? Pero basicamente, esquece todo o que acabo de dicir e fágolle unha única pregunta, vostede está a favor ou en contra da privatización de Endesa que levou a cabo o seu Goberno.

Sr. García Seoane

Hai un dito que di, o falar non ten cancelas, e levamos falando aquí unha hora e cuarto para nada. O que si logrou o PP é o obxectivo, ter publicidade gratuíta mañá nos medios de comunicación, que ese é o fin que teñen, aquí non importan os traballadores para nada, porque na Xunta de portavoces que se celebrou o outro día, dicía agora a portavoz do Grupo Popular que era un punto de encontro, un punto de encontro para que? porque alí non se admitiu nada de nada, por tanto, punto de encontro mentira, eu traio a miña cousa asinada e avalada para o obxectivo que pretendo e punto, e aquí non me veñan vostedes con ningún engadido, ningún punto nin ningunha coma. Polo tanto, unha situación aberrante, unha vez máis, o grave de todo isto é que se está a xogar cos traballadores, coas familias que van ser vítimas desta situación que está acontecendo no país, unha vez máis, e non é a primeira, porque é continuamente. Eu que son un home que sempre fun a todas as manifestacións de traballadores que houbo neste país, ás que puiden, sempre ía na parte de atrás ou polo medio, ultimamente non vemos máis que carotas, sen vergonzas, políticos....-dáse vostede por aludida?-, carotas, sen vergonzas, políticos sen escrúpulos que xogan dunha maneira miserable cos traballadores, e van e se poñen diante da pancarta onde van os sindicatos e os traballadores afectados, póñense na primeira fila para que os vexan e para que digan, preocupáronse, impórtalles unha m..., perdoen a expresión, impórtalles unha m... os traballadores, porque claro, di frivolidade, eu nunca fun frívolo cos traballadores, levo desde neno na política, desde neno, desde o Partido Comunista ata hoxe que non estou no Partido Comunista, que estou en Alternativa dos Veciños, traballando continuamente pero nunca xogando cos traballadores, nunca xogando cos intereses das familias, sempre intentando, desde logo, defender o que eles denunciaban, pero sen poñerme no fronte da pancarta, senón traballando arreo naquilo que necesitaran, e iso foi o que fixen sempre, por tanto, frivolidade e aquela dalgúns que negaron dos traballadores toda a vida, e teñen a carota tremenda de poñerse diante da pancarta para que os vexan, ou van a Madrid, deputados de nada, que se colan nas listaxes dos partidos, sen ter valor ningún engadido, simplemente por ser da familia a, ou a familia b, que non valen para nada, que non traballaron nunca polo pobo, e que se colan nas

listaxes dos partidos, así lle vai a este país a política deste país. Canto perdemos desde o inicio da democracia ata hoxe, aqueles partidos na democracia, desde a extrema dereita a extrema esquerda onde había xente válida en todos os partidos que defendían coas súas ideas e co seu compromiso os valores que crían que había que levar adiante, uns acertados e outros non, pero que confluían e debatían polo ben do país, onde vai aquela situación, esa transición, eu creo que fai falta unha nova transición neste país para eliminar parte dese politiquero noxento que hai.

E, polo tanto, dicir, Sr. responsable do Partido Popular, parece que esquecen a historia, aquí están falando de cousas que todos coñecemos nos que estamos na política, peche inmediato, claro, non é un peche inmediato, é un peche que vén labrado desde anos atrás polos Gobernos da nación nos que estaba o Partido Popular, porque a este Goberno que eu saiba non lle deu tempo aínda a tomar ningunha decisión que lle vén imposta por un Goberno anterior, por un Goberno anterior nos pactos que se fan en Europa, vendendo España a anacos, vendendo a pesca, vendendo a industria, vendendo todo a anacos por imposicións da Comunidade Europea, esa é a situación grave que temos neste país, e daqueles pos veñen estes pousos. Nada máis.

Sr. Requeira Varela

Por intentar respostar así a cuestións que foron xurdindo no debate, a min vostede non me decepciona, Sra. Aneiros, para nada, eu creo que exactamente está facendo o discurso que vostede quería, fíxese, que era o que anunciábase. A súa intervención confirma que a proposta é oportunista, é electoralista, e eu despois de escoitala vou ir un pouquiño máis alá, vou dicir que incluso é irresponsable. Mire, a proposta que lle fixemos desde o BNG e desde o PSOE é unha proposta, como ben dixo o portavoz do PSOE, calcada do acordo ao que chegaron os alcaldes e alcaldesas, tamén do Partido Popular, pero fíxese, vou intentar ir a cuestións que vostede foi verbalizando na súa exposición.

Eu voulle dar un dato primeiro, desde que ENEL controla co setenta por cento Endesa, voulle dar o dato exacto, perdéronse 17.294 postos de traballo, por obra e graza do Partido Popular e máis do PSOE tamén e de non controlar o sistema e de vendelo a capital estranxeiro. Sabe vostede por que o perderon? porque lles permitiron vender todo o capital exterior que tiñan as enerxéticas naquel momento de matriz española, vendela e depender unicamente do mercado estatal, iso só como un dato. Pero mire, vostede di que de medidas concretas xa falamos no último Pleno, eu aínda non sei as medidas concretas da Xunta de Galicia porque escoitándoa falar a vostede dá a sensación de que Feijoo goberna un concello, xa nos aplicaron o 155 tamén en Galicia, non existe autonomía, non temos Estatuto de Autonomía, aquelas competencias que ten Galicia en industria xa desapareceron?, onde está o conselleiro de Industria?, onde está o presidente da Xunta? Vostede está dicindo que nosoutros queremos que non se fale, non, nós queremos que se fale e que fale o Goberno da Xunta, que é o meu Goberno tamén, doutra cor política pero tamén é o meu Goberno, é o Goberno de todos os galegos e todas as galegas. E eu insisto na proposta que lle facía, chame vostede ao presidente da Xunta, ao conselleiro, que cite as forzas políticas e unamos esforzos, pero non dividamos, porque esta moción divide. E agora tamén xa que nos poñemos nesta tesitura podemos facer un planteamento, chamamos aos compañeiros, porque fíxese vostede, antes citei a José María Aznar, que estivo de conselleiro delegado de Industria, pero poden vostedes chamar a Borja Prado, poden chamar vostedes a Rodolfo.-ben, Rodolfo Martín Villa, mellor que non o chamen xa-, Pío Cabanillas Alonso, Luis de Guindos, Miguel Blesa, Endesa está chea de persoas do Partido Popular, ao mellor chamándoos bótannos un cable.

E xa para rematar, a min dáme a sensación de que hai unha cuestión de forma, pero tamén é importante na moción, para reabrir algo hai que pechar, eu creo que debemos traballar todos para que non se peche, para que non se peche e para que se manteñan os postos de traballo, e para que se faga unha estratexia de transición. A Xunta ten que ter un papel, espero, fundamental en todo iso porque senón, evidentemente, algo estamos facendo mal. Eu creo que a Xunta ten que ser protagonista desa reivindicación. Eu creo sinceramente, e dígollo sinceramente, que non o está sendo, e isto non é un parlamento, isto é unha administración local, a Deputación da Coruña. Pero o ámbito onde se ten que discutir isto e onde se teñen que tomar realmente decisións é o ámbito do poder político de Galicia, que é a Xunta, falta, está ausente neste debate, polo menos coa contundencia que debera estar.

Insístolle, tampouco me dixo vostede ningunha medida que veña recollida nese documento

marabilloso da estratexia contra o cambio climático de Galicia, non sei aínda ningunha, e se hai algo relacionado co proxecto de reindustrialización desas comarcas por parte do Goberno galego.

E vou rematar xa volvendo a facerlle esa chiscadela no que eu creo que debemos estar, se realmente nos interesa o que vai pasar aí, e o que está pasando, como ben dicía o portavoz de Marea Atlántica, coa política industrial en Galicia, porque vai moito máis alá, xa As Pontes é importante, pero vai moito máis alá das Pontes, convóquennos ás forzas políticas, polo menos déannos a esperanza de que hai un Goberno galego que quere traballar, que quere traballar para un futuro económico, industrial e de benestar e de emprego en Galicia, porque dá a sensación de que non é así, asegúrolle que dá a sensación de que non é así, esta moción dá a sensación de querer dividir. En eleccións eu creo que non todo vale cando están en xogo postos de traballo.

A min gustárame que repensaran realmente o que imos votar hoxe, porque vostede dixo hai un momento "Se a vostede lle parece que a ministra xa está en funcións, e que máis dá, vote", eu o que lle digo é que o problema non é que eu vote a petición da dimisión dunha ministra, acabamos nós de pedir tamén no Parlamento de Galicia a dimisión do director de Inega, van vostedes concedela?, eu creo que non, verdade que non?, pero en todo caso aquí se a ministra dimite ou non dimite xusto ao inicio dunha campaña electoral é o de menos, o que é urxente é falar da unidade política para defender que non se perdan postos de traballo nun territorio. Nese camiño, se vostede retoma ese camiño, o BNG vai estar ao lado porque, e remato xa, este é un problema de peso político de Galicia, é un problema de que as forzas políticas de obediencia estatal esquécense enseguida nos foros onde teñen que falar en nome de Galicia, esquécense enseguida de cales son os intereses de Galicia, e aquí hai unha historia, toda unha historia de desleixo por parte das forzas políticas estatais no ámbito do Parlamento do Estado, de que esquecen Galicia enseguida que pasan as fronteiras desta Comunidade, ese é o gran problema. Polo tanto, estamos aínda a tempo, polo menos neste problema, de retomar, de facernos valer tamén como galegos e como galegas, e que haxa unha unidade política reclamando futuro para ese territorio e para as empresas dese territorio. Se vostede decide finalmente retomar ese camiño, xa lle digo, non vai ter ningún problema con nós, o BNG vai estar do seu lado. Se simplemente fan cuestións cosméticas electorais como esta, evidentemente sempre imos ter motivos para criticalos, porque hai de sobra, vostedes son sepultureiros dunha boa parte das economías estratéxicas deste país, e se quere recordámoslle unha por unha, que non vén a conto neste debate, pero podemos recordarlle un lote delas, e destrución de postos de traballo, e destrución de economías fundamentais para Galicia.

Polo tanto, eu creo que se realmente hai unha boa intención por parte do Partido Popular, faga unha proposta alternativa e nesa proposta alternativa de unidade política para defender estratexicamente os postos de traballo, no ámbito galego pero tamén, fundamentalmente, no ámbito de Eume, Ferrol e Ortegal, contarán con nós ao seu lado, sen dúbida. Nada máis.

Sra. Aneiros Barros

Sr. Regueira, para contestarlle, mire, esta proposta era para unir, non para dividir, estamos pedindo a reactivación da central, a pena é que isto non consiga unir a todos estes Grupos, senón todo o contrario, pero non será responsabilidade deste Grupo, senón da do resto. É curioso que pidan dimisións, pero claro, deben pedir as dimisións en función de quen é o Partido, que Partido nomea aos cargos, non teñen problema por pedir outras dimisións, e en cambio deben de ter algún problema con que unha ministra responsable dunha decisión que afecta a unha comarca e a centos de empregos, parece que iso non son capaces. E que vostede me fale de empresas, de postos de traballo, coa posición que están tendo co tema de Ence, tamén resulta curioso.

Sr. García, vén falarnos aquí de espectáculos que facemos os demais, sinceramente, nós vimos aquí a falar dunha problemática concreta, unha problemática que lle quita o sono a moitas familias, espectáculo, desde logo o noso non o é, garántollo. Nós nos utilizamos o Pleno para vir aquí a facer ningún discurso fácil, vimos falar das Pontes, se quere falar das Pontes nosoutros non temos problema, non imos entrar en ningún outro xogo.

Sr. Lema, dúas cousas. Mire, eu teño claro onde estou, nosoutros temos claro onde estamos, o que non teño claro é onde están vostedes en cada momento, pero tamén lle digo o 10 de marzo conmemoramos en Ferrol, a Corporación conmemora, os incidentes desafortunados, tráxicos, de Amador e Daniel, recordámolo todos os anos. E mire, vostede me pregunta, pero eu voulle preguntar

a vostede unha cousa moi concreta, e é se vostede está en contra ou está a favor do peche da central térmica das Pontes, que é o do que estamos falando, vostede pode dicir que si ou que non, esa é a cuestión e esa é a pregunta.

E ao Sr. portavoz, ao Sr. Fernández, portavoz do Grupo Socialista, precisar que non estamos falando dunha moción, estamos falando dun punto concreto da orde do día, dunha proposta presentada por este Grupo e que se incorporou como única na orde do día, non dunha moción. Por tanto, non podemos falar de aceptar emendas como, efectivamente, non podemos aceptar, porque sería claramente ilegal.

Sr. Fernández, gustaríame pedirlle un pouco de respecto porque eu podo compartir con vostede ou non moitas das súas argumentacións, pero eu non cualifico de absurdas as cousas que vostede vén dicir a este Pleno, a pesar de que non as compartía, como vostede fai co que dicimos desde este Grupo Provincial, pediríalle un pouco de respecto porque, efectivamente, estamos falando dun tema que afecta a familias e a persoas, e desde logo non podo tolerar que vostede nos acuse da maneira que o está facendo e que nos desprece como o está facendo, sinceramente llo digo. Falamos de argumentos, e parece que o que non os ten é vostede e por iso recorre a elevar o ton e a insultar practicamente aos demais.

Non temos ningún problema en erixirnos en contra do noso Partido, díxenllo tamén no anterior Pleno. Numerosos alcaldes da comarca de Ferrolterra saíron en autobuses dirixidos a Madrid a reclamar a un Goberno do Partido Popular a esixir carga de traballo para os estaleiros da ría de Ferrol, alcaldes, portavoces, concelleiros do Partido Popular a esixir ao seu Goberno, ao Goberno do Partido Popular, incluso cambios na dirección de Navantia porque non compartiamos o que estaba facendo unha persoa nomeada polo noso Partido. No Pleno do Concello de Ferrol nunca tivemos problema en non posicionarnos en contra de reprobacións a ministros e a cargos do Partido Popular cando consideramos que non cumprían coas expectativas e que non estaban defendendo os intereses da nosa cidade. Polo tanto, non lle podo permitir tampouco que nos cuestione a nosoutros e que nos critique polos nosos posicionamentos. Fala de manipulación, e aquí o que máis manipula é vostede, tenmo que permitir.

Nosoutros nesta moción non estamos pedindo a dimisión arbitrariamente dunha ministra, é que vostede desvíaa a atención. O que estamos pedindo é que o Goberno de Madrid, que é o que ten competencias, estableza unha serie de medidas, que todos sabemos cales son, e o presidente desta Deputación tamén o sabe, medidas que dependen do Goberno central, non de ningún máis, e que poidan garantir o mantemento, a reactivación da central térmica das Pontes. E o que estamos dicindo é que se hai un Goberno central que non é capaz de facelo, haberá que pedir dimisións, e haberá que facelo precisamente desas persoas principalmente responsables destas decisións, ou non estamos de acordo? ou acaso se o Goberno estivera presidido polo Partido Popular agora vostede e o seu Grupo non o pediría, non esixiría dimisións se estivésemos gobernando nós en Madrid? Sexan coherentes, Sr. Fernández, porque sabe perfectamente que si o farían, co cal a conclusión de todo isto é que vostedes e o Sr. Presidente desta Deputación tamén prefiren tamén prefiren priorizar o seu Partido, prefiren acatar ao Partido Socialista fronte á defensa da comarca e fronte á defensa da situación da central térmica.

Fala do que facemos nosoutros, fala de que a nosa moción presentada nos concellos, crítica, pero en cambio defenden a declaración que fixeron outros alcaldes, pero mire, que pasa? que o que fan vostedes é mellor que o que facemos nosoutros? teñen que desprezar o noso para erixirse vostedes nos campións da defensa dos intereses da comarca? Presentamos plenos extraordinarios porque o anuncio dun peche dunha central térmica da que dependen tantos postos de traballo é un motivo sobradamente xustifico para pedir un Pleno extraordinario e debater este tema e intentar posicionarnos conxuntamente como creo que fixo o alcalde das Pontes, non sei o presidente da Deputación, pero desde logo o alcalde das Pontes si o demostrou noutras ocasións, para a defensa conxunta. Estamos pedindo a reactivación da central térmica, non disperse o asunto.

Esa declaración institucional tamén manipula cando di que parece que nosoutros estamos en contra, inviteino na miña anterior intervención a que debatamos esa mesma emenda que vostedes formulan, a que traían convertida nunha moción ao seguinte Pleno ordinario, é que non temos problema, é que estamos encantados de poder falar de política industrial na nosa comarca, é que claro que estamos preocupados, é que eu non estou poñendo na balanza se pesa máis un traballador

que perde o seu traballo de Poligal ou de Endesa, eu non o estou facendo, esta facendo vostede, eu o que estou é buscando alternativas á reapertura da central térmica, é que a ver se nos entendemos e centramos ben o debate. Podemos falar cando queira, invítooo, volvo dicirllle, a que falemos desa política industrial no vindeiro Pleno, pero respecte que neste Pleno convocado a solicitude deste Grupo poidamos falar dun tema moi concreto que é o derivado dese peche, simplemente, e vostede ten a posibilidade de posicionarse. A pregunta é están a favor ou están en contra de esixirllle ao Goberno que tome medidas que permitan a reactivación da central?, é moi sinxelo, pois poderán poñerse a favor ou en contra, teñen dúas opcións, Sr. Presidente, apelo a vostede, porque así o demostrou, vostede foi capaz de saír conxuntamente co presidente da Xunta de Galicia nunha unidade de acción do Concello das Pontes e da Xunta de Galicia para esixirllle ao Goberno do Estado, presidido por unha persoa que milita no seu Partido, para esixirllle solucións, para esixirllle a adopción de medidas que garantan o mantemento desta central térmica, que lle dean tranquilidade, que lle dean unha situación de seguridade a tantas familias que están vivindo unha situación dramática, e non o digo para utilizalos politicamente como algúns queren facer ver, dígoo porque creo que é unha preocupación de todos, a súa estou convencida que a primeira, como alcalde implicado, como alcalde do Concello que máis se pode ver afectado por esta decisión.

Por iso, pídlle que reflexione sobre este posicionamento que poida saír desta administración provincial un acordo, polo menos, de non ser unánime, polo menos si ratificado polo Partido Socialista e polo Partido Popular, tal e como vostede o fixo no seu momento, de apoio a esas esixencias ao Goberno de Madrid, ten a opción de estar a favor do seu Partido ou a opción de estar a favor dos veciños, das familias e da reactivación da central térmica. Nada máis.

Sr. Presidente

Moitas grazas, por apelación, se me permite Bernardo, voulle contestar. Acaba de interpelarme en dous ámbitos, primeiro respecto á coherencia persoal na miña dobre condición de alcalde e presidente da Deputación, por outra parte interpélame para que manteña o acordo que teño co presidente da Xunta de Galicia neste conflito, eu dígo lle, respecto ao primeiro, que loxicamente a miña coherencia neste aspecto non vai determinar unha intervención de ningún Grupo político, nin vai determinar unha moción presentada cunha finalidade lexítima, política, pero lexítima evidentemente, e que creo que os meus veciños e veciñas saben perfectamente cal é o meu compromiso absoluto coa resolución deste conflito ou coas medidas paliativas a unha decisión a unha situación moi complexa.

Respecto á segunda parte, dicirllle que admito a proposta, a proposta súa é que manteña o compromiso que firmei e acordei co presidente da Xunta de Galicia, que lle vou recordar cal é, exactamente son dous puntos: o primeiro é solicitar do Goberno do Estado medidas de reactivación da central térmica, tal e como pon esta mesma moción, nun camiño que vai levar un tempo de substitución do combustible do carbón por outros combustibles que sexan máis sostibles medioambientalmente e economicamente, e unha segunda pata que pide a creación dunha mesa técnica que avalíe exactamente que tipo de biocombustibles poden ser os substitutivos, que volumes se xeran en Galicia, que protocolos, que tramitacións habería que levar a cabo e, polo tanto, son os dous puntos que implican ese acordo, non hai un terceiro que diga que se o Goberno central non actuara conforme ao primeiro punto teña que dimitir ninguén. Polo tanto, eu sométome ao que ti estás pedindo, Martina, de que mantéñamos ese acordo, eu nesta moción que vós presentades estou de acordo ao cen por cento, pero creo que abrimos un camiño moi perigoso que nunca será percorrido por esta Presidencia, e digo nunca, salvo que vexamos unha conculcación flagrante dalgún principio fundamental na actuación dalgún representante político nalgunha institución, pero nunca se vai pedir, nin apoiar a solicitude de dimisión de ningún conselleiro, presidente, alcalde, por exercer a súa función, mellor ou peor, sempre que non se conculque loxicamente algún principio esencial da Constitución.

Porque esa decepción á que ti aludes permanentemente téñoa eu no meu corpo agora mesmo, porque como acostuma ocorrer moitas veces nas mocións que se presentan, coincidimos en boa parte do corpo da moción, pero hai unha apostila que evidentemente ten unha tinguidura, desde o meu punto de vista, electoralista, que é perfectamente lexítimo, pero que non podoo compartir, porque insisto, creo que é abrir un camiño nesta casa, que é unha casa moi respectuosa, unha casa comprometida cun equilibrio que se sementou durante décadas por distintas presidencias, que eu non vou romper, nin moito menos, porque poderíamos pedir dimisións cada semana, pero cada semana, por decisións políticas ou por omisións política nas decisións que non se toman nas distintas

institucións.

Por tanto, eu quixera dicir que non nos preocupemos porque a postura coherente desta institución respecto do conflito da central térmica das Pontes e de Meirama acordouse aquí por unanimidade nos últimos meses, noutra moción presentada aquí e apoiada por unanimidade por todos os Grupos políticos, porque tamén se falaba ademais de Cerceda, porque Cerceda tamén ten un problema similar. Os veciños e veciñas de Cerceda tamén teñen dereito, son coruñeses da provincia, e teñen os mesmos dereitos a ser representados e a sentirse apoiados por esa institución, igual que os veciños de Ferrolterra, cousa que nesta moción non se recolle, na anterior si que se recollía e foi aprobada por unanimidade, onde pediamos o apoio a medidas a Cerceda e a reactivación e o apoio á central térmica das Pontes, nun escenario moi complexo onde hai momentos críticos que implican finalmente a conclusión deste proceso, é dicir, hai momento críticos que arrancan no ano 96. Decía Alberto Lema e decía Xosé Regueira, e insistimos todos, hai decisións que implican consecuencias. Houbo no ano 96 unha ondata de privatizacións que implican estas consecuencias e non se poden obviar, e por iso non se pide a dimisión de Josep Piqué, nin a dimisión de José María Aznar. Privatizouse Alcoa coas consecuencias que hoxe estamos comprobando, as decisións tómanse en Estados Unidos, non se toman en Madrid, sequera, nin en Galicia por suposto. Privatizouse Repsol coas consecuencia que imos ver a curto prazo, con moitas problemáticas que van xurdir no traslado da refinería ao porto exterior da Coruña, porque é unha empresa que agora mesmo xa non é estatal, senón que está privatizada e de capital privado, unha moi boa parte estranxeiro, porque privatizouse Endesa, o cen por cento do capital, curiosamente volve ser pública, nun momento onde na Unión Europea conviviamos con países gobernados pola dereita como Francia, ou como Italia, onde as empresas públicas enerxéticas, Gaz de France, Eléctricité de France, a empresa nacional de petróleos italiana, a empresa nacional de electricidade italiana, ENEL, seguen sendo públicas, cen por cento públicas, dá igual quen governe, mantívose a titularidade pública das instalacións. Foi privatizada Audasa, Autopistas del Atlántico, que se nos enche a boca falar dela durante os últimos anos, que as peaxes son moi caras, foi privatizada polo Goberno de José María Aznar. Alcoa, que nos saca o sono a todos, ao primeiro ao presidente da Xunta de Galicia, e con razón, privatizada por José María Aznar. Endesa, privatizada por José María Aznar, como ben decía Alberto Lema, se hoxe fora pública evidentemente estaríamos falando doutro conto, a transición sería moitísimo máis ordenada, e as decisións poderían facerse, digamos que con máis cabeza. Audasa, peaxes carísimas, privatizada por José María Aznar.

Polo tanto, houbo un momento crítico no 96, houbo un momento moi crítico no ano 2004, 2004 cando se negocia o protocolo de Quioto e España está ausente nesa negociación, literalmente ausente, e daquelas augas veñen estes lodos. Naquel protocolo decídese un compromiso e unha data que foi fatídica para España, é o ano 1990, que foi a data que impuxo Alemaña para empezar a medir as emisións, é dicir, que hai que volver no ano 2004 ás emisións que cada país tiña no ano 1990. Por que escolle Alemaña o ano 1990? porque é o ano da reunificación alemá, por que ese ano? porque absorbe todas as industrias enormes, contaminantes, carboeiras, da República Democrática Alemá, co cal o colchón que lle queda a Alemaña para adaptarse é enorme, o colchón que lle queda a España é mínimo, porque xa eran centrais que sufriran transformacións e que xa non tiña practicamente emisións, e que eran absolutamente eficientes e modernizadas, non había colchón, ano 2004.

Ano 2010, apróbbase unha Directiva de emisións, que é a que obriga a pechar Meirama, que é a que impón a Endesa o investimento de 200 millóns de euros, onde España está absolutamente ausente. Ano 2018, que por certo, onde pedimos unha moratoria da aplicación desta directiva, e non escoitei a ninguén axudarnos a pedila, a ninguén, nin o Goberno Central, nin autonómico, nin provincial, a ninguén. No ano 2018 incorpórase un sistema de dereitos de CO₂ onde se abre a posibilidade de comerciar cos dereitos de emisión do aire que respiramos, e se permite que o setenta por cento deses dereitos de emisións estean aglutinados en mans de fondos de investimento, os mesmos exactamente que provocaron a burbulla inmobiliaria dos anos dous mil, e que trouxeron a maior crise económica da historia moderna do mundo. Tampouco se dixo nada, tampouco houbo ninguén alí intentando alertar das consecuencias desa decisión.

Ano 2012, outro momento crítico, cando o ministro Soria crea o famoso imposto do céntimo verde, que non foi unha creación de Bernardo Fernández Piñeiro, senón do ministro Soria. Ano 2012, que se crea un imposto que non existía enorme, que encarece moitísimo o recibo da luz, que se chama imposto de electricidade, un 7% de toda a electricidade que se xere nas barras dunha central

térmica.

A política errática enerxética neste país, creo que é absolutamente compartida entre o Partido Socialista e Partido Popular, estou totalmente convencido, sobre todo porque non houbo outro ministro que fora doutra formación política, pero as decisións máis fatídicas, máis erradas, que se cometeron neste país no ámbito enerxético, viñeron da man dunha persoa, que ao mellor foi unha bo ministro de economía, pero o peor ministro de enerxía da historia deste país que se chamou Rodrigo Rato. Rodrigo Rato foi o que creou a figura do déficit de tarifa, hoxe 30.000 millóns de euros que estamos aínda pagando os españois no recibo da luz. O ministro Rodrigo Rato foi o que non foi a negociar o protocolo de Quioto, non é que negociara ben ou mal, é que non foi, España estivo ausente fisicamente da negociación. O ministro Rodrigo Rato foi o que prohibiu a fusión Iberdrola-Endesa por unha decisión política, porque non quería que o domicilio social fora no País Vasco. Hoxe, esas decisións teñen consecuencias, e polo tanto, as pagamos?, evidentemente.

A política enerxética é unha política complexa, pero en calquera caso remítome ao acordo que dicía a portavoz do Partido Popular, que nós imos manter por riba de todo, que é pedir a reactivación, sendo moi difícil porque as medidas que se propoñen por parte do Partido Popular en canto á baixada do céntimo verde, creo que é unha medida que incluso se abriu o Goberno a adoptala, pero o triste diso é que vai ser insuficiente, se depende dela, eu estou convencido de que se adoptará, e senón, si que evidentemente eu, non como presidente da Deputación, pero si como alcalde das Pontes, solicitaría a dimisión, xa non só da ministra, senón tamén do presidente do Goberno, téñoo absolutamente claro. Pero non chega con esa medida, non hai outras medidas porque os pagos por capacidade, aos que alude algún outro membro do voso Partido é unha medida que é viable pero que se tarda catro anos en implantar, primeiramente por dous motivos, porque froito da modificación do ano 2018, onde España non dixo nada, non só se crea o mecanismo de dereitos de emisión, senón que ademais se permite que os pagos por capacidade, que significa uns pagos que reciben as centrais enerxéticas de calquera tecnoloxía, simplemente por existir e dar respaldo ás enerxías renovables, teñan que aprobarse por unanimidade polos vinte e oito países integrantes da Unión Europea, cousa que é francamente difícil. Hoxe hai en vigor en toda Europa quince mecanismos de capacidade, pero que son todos anteriores ao ano 2018, antes a esta esixencia que se acordou a nivel europeo, polo tanto, non cabe ese mecanismo de forma inmediata, si cabe a medio prazo, con outra dificultade engadida, que tamén se aprobou no ano 2018, que ese mecanismo de capacidade, de aprobarse a nivel do Estado hai que sacalo en concorrencia competitiva, e pode competir por ese pago calquera tecnoloxía enerxética, non só o carbón, senón tamén o gas. E ademais ten unha nova barreira que impón a limitación de que non pode aspirar a ser beneficiario dese pago por capacidade unha tecnoloxía que emita máis de catrocentos miligramos por quilovatio, co cal está de facto excluindo a centrais térmicas.

Eu o que pediría sobre este tema é intentar ser construtivos. Compartimos o fondo da moción absolutamente, non compartimos a segunda parte da dimisión da ministra, nin desta, nin de ningunha outra, nin de ningún conselleiro, porque senón entramos díganos que nun terreo perigoso. Citaba Alberto Isowat, non podemos traer unha moción aquí de que o conselleiro arranxe isto ou que dimita, non podemos traer aquí unha moción pedindo que o Centro de teleoperación de R, o centro de domicilio social de R, quede aquí, non vaia para Asturias ou que o conselleiro dimita. Non podemos traer para aquí multitude de mocións ao respecto de Poligal, de Linco, de Gamesa, de Pizarras Campo, de multitude de empresas que teñen dificultades, tivéronas ou vanas ter, e pedir como contraprestación, que o amaña ou que dimita. Nós non imos entrar nese xogo. Estamos por pedir medidas que permitan unha nova era na central térmica das Pontes, nese camiño estamos a Xunta de Galicia, estamos todos os que estamos implicados neste aspecto, e esixímoslle o mesmo compromiso á empresa e tamén ao Goberno central, porque vai esixir compromisos, noutras partes europeas fixéronse, noutras partes europeas houbo unha muda importante no combustible que se queima nesas centrais térmicas, e incorporáronse ao mundo das enerxías renovables e ao mundo da economía circular, facendo subsistir a xeración enerxética neses emprazamentos. E cara ese camiño e a onde imos, por ser prácticos, porque como ben decides todos, e como ben recoñecía onte Casado, que non o escoitei nun programa, pero que é unánime, a tecnoloxía do carbón evidentemente ten os pes moi curtos, ten un futuro curto, e en calquera caso existirá mentres sexa capaz de hibridarse con outros combustibles que reduzan as súas emisións.

Polo tanto, sexamos prácticos, xenerosos e construtivos, que é o que nos esixe a xente e é o que estamos demostrando noutros ámbitos, tamén debería ser na Deputación da Coruña. Sexamos

construtivos, adoptemos o acordo que adoptamos o Concello das Pontes coa Xunta de Galicia, que non fala para nada de dimisións de ninguén, fala de esixencias, se houbera que pedir dimisións, xa haberá tempo, pero en calquera caso houbo esa posibilidade de facelo na Xunta de portavoces, non se quixo, volvemos formular isto de modificar a moción, simplemente retirando ese aspecto, xa non pola ministra Ribera que, como entenderedes, o meu aprecio político por ela non é demasiado benévolo, pero en calquera caso, sobre todo polo que poida vir a partir de agora calquera moción deste Pleno. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

En resposta á proposta que acaba de facer o presidente, estaría ben que tivese convocado antes a Xunta de portavoces, porque claro, resulta que nós presentamos a solicitude de Pleno extraordinario, que insisto, non é unha moción, é un acordo, un punto da orde do día, un asunto único. Estase a falar de moción como se fose unha moción, unha declaración de intencións máis política de calquera Pleno ordinario, non, isto é un Pleno extraordinario, solicitado polo único Grupo da oposición que pode solicitalo, porque ten os concelleiros necesarios para iso.

Entón, engadimos na nosa solicitude, á parte de esixir ao Goberno de España na aplicación de medidas urxentes que garantan a inmediata reapertura da central das Pontes, en caso contrario, se non garanten a reapertura, a dimisión da Ministra, se lle dea traslado ao Goberno de España, e engadimos un parágrafo, o día 1 de outubro: "Para o correcto desenvolvemento desta sesión plenaria consideramos necesario que se convoque a Xunta de voceiros co fin de consensuar unha data entre todos os Grupos municipais para a súa celebración, o máis axiña posible e dentro dos prazos establecidos na normativa, así como establecer a súa organización en canto a quendas de intervención". Que se fixo?, en vez de convocar a Xunta de portavoces para consensuar a data, fíxose a convocatoria, e o artigo 57 do Regulamento, á parte da lei, di que serán nulos os acordos adoptados en sesións extraordinarias sobre asuntos non comprendidos na convocatoria. Quero dicir, non vale emenda posible, é que se convocou o Pleno, convocouno vostede, presidente, e despois convocou a Xunta de portavoces, non se pode emendar, isto non é unha moción, que se emenda, é como se vostede trae o POS e nós dicímoslle que non queremos o POS, que queremos o PAI, non, vótase o POS, porque é o asunto que vén na orde do día, salvo que se declarase a urxencia, etc., etc., os casos que prevé a lei. Neste caso, este é un asunto como outro calquera, que se vota ou si ou non, non cabe emenda posible, e falouse na Xunta de portavoces a semana pasada, que eu non puiden asistir, porque non estaba aquí, pero a Xunta de portavoces convocouna despois da convocatoria do Pleno asinado por vostede. Podíase ter consensuado a orde do día.

Sr. Presidente

Independentemente diso, quero dicir que se hai vontade de consenso, de acordo, nosoutros hai unha parte da moción, da petición, que é o 99% dela, que coincidimos, e unha parte que non queremos abrir esa porta, que é pedir dimisións a ninguén xa en diferido ou anticipadamente. Eu creo que máis alá do que diga o Regulamento de cando hai que incorporar o consenso, por favor, eu creo que isto non é unha notaría, representamos a vontade popular, e a vontade popular de quen nos escoita aí é que cheguemos a un acordo sobre este tema.

Sra. Gallego Neira

Imos ver, a vontade popular, pero cando hai un reparo, porque agora estou vendo ao interventor aí ao lado...

Sr. Presidente

Non vai haber ningún reparo sobre isto.

Sra. Gallego Neira

Refírome, cando hai un reparo suspensivo e un motivo, retírase un asunto da orde do día. Aquí hai un regulamento, dicir que somos a vontade popular e nos saltamos un regulamento, paréceme moi forte, despois de todo o que dixo o Sr. García Seoane, aquí pódese dicir de todo, pero saltarse un regulamento non, por Deus, entón, ter convocado antes o Pleno que dimos esa opción.

Sr. Presidente

Infórmanme de que non nos saltaríamos nin sequera o regulamento.

Sra. Gallego Neira

Ben, pois non nos saltaríamos o Regulamento, pero en todo caso, eu ante a dúbida...

Sr. Fernández Piñeiro

En todo caso o regulamento establece outra posibilidade, que é que se retire o punto da orde do día e no seguinte Pleno se aprobe un consensuado.

Entón non hai interese en que chegue a un acordo, o interese é que se aprobe esta tal e como está, porque repito que, en base a ese regulamento do que vostede fala e tanto enzalza, pódese retirar o punto da orde do día, como o retiramos en calquera sesión plenaria que temos nesta Deputación. Se retira co compromiso de consensualo, se quere podemos consensualo aquí de viva voz entre todos para que non haxa ningunha dúbida nin desconfianza en canto no Pleno ordinario se vaia aprobar neses termos que hoxe queden aquí fixados, e perfecto, queda solucionado o problema.

Sra. Gallego Neira

Despois de dúas horas de debate, despois do que aquí se dixo, que simplemente o que dicimos, e díxoo o presidente, que no caso de que non se consiga reabrir a planta e se reactive a central, que pedirá a dimisión da ministra e dos ministros que sexan, incluso do presidente do Goberno, díxoo aquí, non vexo eu o problema que hai. Estamos debatendo un punto da orde do día que xa se acordou na Xunta de portavoces que ía ir así, e que non se fixo antes.

Sr. presidente

Eu non dixen iso, dixen que se a retirada do céntimo verde nun momento determinado permitía entrar en funcionamento e non o retiraban, sería o primeiro que pediría a dimisión, non só da ministra, senón do propio presidente do Goberno.

En calquera caso, é unha pena. Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 12 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: ningún deputado

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:58 horas.